

GAFOS, EU INVÓCOTE

A primeira vez que a acompañei á súa casa viaxábamos en auréola, ata que de pronto, un fedor incerto ao cruzar a ponte, fixo que tapasemos o nariz e rompésemos en gargalladas, pola descortesía daquel río que se atrevía a asomar a súa boca fétida, despois de permanecer pechada, mentres traspasaba a cidade, nun eructo continuo e sinistro.

Máis tarde, ela explicoume que era o Gafos. Gafotas, gaferoso, gafarrapento, sinónimos que relacionaron o seu nome co turbio do seu interior e coa peste que exudaba. Todo garda relación para min nestas paraxes. Praceres, no seu bautismo, non tería nada que ver coa simetría que me suxire cando paso polos seus lindes. Nin as vistas de Lourizán, nin tampouco, o cemiterio de barcas vagabundas das Corbaceiras. As palabras gardan para min, esa concordancia cos obxectos que as invocan, aparecendo na miña mente o seu espírito, a súa forma, o seu olor.

-Por que tira o lixo ao río? -pregunteille a súa avoa.

-El sempre o leva. -defendeuse ela -Ademais, nunca vén o camión.

Máis arriba, lonxe da cidade, onde o río deseña curvas de area branca, os meus fillos, bañábanse e merendaban mecidos polos salgueiros. Era ou mesmo río, só que pasaba por milleirais sen ofenderse tanto como na cidade, onde, con xiringas de inmundicia enchíanlle a alma dese mal leite que mostraba sen timidez.

Os meus fillos, viron pasar aos extraterrestres. Viñan como unha avanzada en pequenos grupos, miraban e eran observados reciprocamente polos desconfiados campesinos, que mimetizados no verde sombrío dous seus legumes, dubidaban se serían fiscais ou cleptómanos.

Os domingos, á hora dos cazadores, viñan máis. Traían longas botas ata a cintura, cargando estrañas armas sobre os seus ombreiros, en forma de anciños. Elixían un lugar cando o son era manso, e sen motivo aparente, araban o leito do Gafos en busca dalgún misterio. Extraían neveiras e observaban estrañados o seu interior, bolsas baleiras e Mirindas dos setenta. Levaban con sigilo o lixo, deixando atrás un regueiro de preguntas na retina do bufo, e un xúbilo estraño na indiferenza dos alevíns.

Despois, volvían encoraxados cos acontecementos das súas propias Termópilas, e aliados coas forzas municipais, selaron as bocas das cloacas que facían remontar a augas máis limpas ao zapateiro dos remansos.

Os homes cósmicos, crearon un vínculo de veciñanza e pronto foron aceptados polo río e os seus habitantes. A eles, pedíronlles as fotos dos trinta mil anos que tiña o regueiro antes do progreso. A él, a súa auga pura, as súas antigas libélulas e o brunido da súa area.

Agora, cando invoco ao Gafos, na miña mente, aparece a serpe de cristal onde se reflicten as follas vibrantes dos bidueiros, o son citrino do seu canto e o orgullo do meu pobo.

Fernando Sancho Blanco